



manual de identidade corporativa

***FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO***



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

**Presidente da FEGABA** Francisco Martín Micó

**Secretario da FEGABA** Miguel Blanco Requeijo

**Coordinación** Jose Ramón Rey Couselo

**Contidos** Juan Marcos Pérez Gulín

# Manual de identidade corporativa



0.0 Descripción do proceso  
0.1 Definición de identidade

## 0. 0 proceso de revisión identitaria



## 0.0. Descripción do proceso

O proceso de revisión identitaria da Federación Galega de Baloncesto iníciase na clarificación dunha serie de conceptos básicos para o deseño dunha estratexia de longo prazo: identificar a propia natureza da FGB, facer explícitos os valores que a FEGABA promove, establecer unha visión compartida, axustarse ao rol que a FEGABA pode xogar e debe ocupar na sociedade moderna e cambiante na que se insire.

A visibilización de quen somos realízase nunha primeira instancia a través dos sentidos, por iso cómpre reinventar a “imaxe” da FEGABA para que estea acorde coa súa identidade e permita a identificación inmediata e sinxela da presenza da FEGABA nunha actuación, actividade ou evento.



## 0.1. Definición de identidade

### Que é a identidade da FGB?

A nosa identidade é o conxunto de características fundamentais que posibilita o recoñecemento da Federación Galega de Baloncesto en si mesma e das súas actuacións en particular.

**Manual de identidade**

**Manual de identidade corporativa**

**identidade corporativa**



- 1.0. Introducción
- 1.1. Visión
- 1.2. Natureza
- 1.3. Rol
- 1.4. Competencias estatutarias
- 1.5. Valores

# 1. Elementos da identidade da Federación Galega de Baloncesto



## 1.0. Introducción

A identidade da FEGABA está composta pola súa visión, a súa natureza, o seu rol, as súas competencias estatutarias e os seus valores.

Destes elementos emanan todas as demais figuras que representan a FEGABA e permiten identificar as súas actividades e accións en calquera parte do mundo e ante calquera público obxectivo.

Cando traballemos coa identidade da Federación Galega de Baloncesto é preciso ter en consideración todas as diferentes partes no seu conxunto e non de xeito separado.





## 1.1. Visión

A nosa visión oríentanos entre as distintas alternativas de decisión cara ás condicións que desexamos crear na nosa sociedade e queda reflectida nesta sinxela frase.

Facer do baloncesto unha ferramenta de cambio a prol da cohesión e o benestar da sociedade galega.





## 1.2. Natureza

A natureza da nosa organización determina que tipo de organización somos. Así, esta descrición identifica as características fundamentais da nosa organización.

A Federación Galega de Baloncesto é unha entidade de dereito privado que reúne xogadoras e xogadores, adestradoras e adestradores, árbitros, así como clubs, asociacións, agrupacións e a totalidade de entidades dedicadas á práctica do baloncesto no territorio galego.



### 1.3. Rol

A través do rol descríbese a nosa misión global ou o noso propósito, a razón pola que a FEGABA existe.

A Federación Galega de Baloncesto ordenará, dirixirá e planificará as actividades do Baloncesto Galego para que contribúan do xeito máis eficiente á cohesión e ao benestar da sociedade galega. Sempre en coordinación co organismo competente da Xunta de Galicia, en coordinación cos Estatutos da Federación Española de Baloncesto e disposicións que traten das actividades de ámbito español e da FIBA no ámbito internacional.



## 1.4. Competencias estatutarias

Son competencias da Federación Galega de Baloncesto regulamentariamente establecidas nos seus estatutos referendados pola asemblea xeral:

- Promover o desenvolvemento e práctica do baloncesto, regulamentar e coordinar o aspecto técnico e organizar os campionatos e competicións da súa xurisdición
- Regular o réxime xurídico e disciplinario dos clubs, asociacións, agrupacións, comités e a totalidade das entidades, xogadoras e xogadores, adestradoras e adestradores, árbitros, oficiais de mesa, técnicas e técnicos arbitrais, directivas e directivos e, en fin, de todas aquelas persoas que dalgún xeito interveñan na organización e práctica do baloncesto cumprindo sempre as disposicións vixentes sobre estes casos
- Formar e cualificar persoal técnico e deportivo especializado



## 1.4. Competencias estatutarias

- Coordinar as funcións e competencias das federacións zonais e delegacións comarcais
- Regular o seu réxime disciplinario e velar polo seu cumprimento
- Asignar, controlar e fiscalizar as axudas e subvencións dos seus afiliados
- No ámbito internacional, a Federación Galega de Baloncesto participará en competicións de acordo co que establezan as disposicións vixentes.



## 1.5. Valores

Os nosos valores conforman o fundamental da nosa organización e serven para guiar as nosas decisións e actuacións, tanto individuais como organizativas.





## 1.5. Valores

### Gozar participando

Creamos contornos dinámicos a través da participación activa e entusiasta dos individuos. Gozamos xogando, falando e vivindo o baloncesto.



## 1.5. Valores

### Vivir a nosa identidade

Sentimos a nosa identidade e transmitimos os nosos valores a través das nosas actuacións. Defendemos con orgullo as cores das seleccións galegas como embaixadoras e embaixadores da nosa cultura e identidade.







## 1.5. Valores

### Fomentar a amizade

Levamos o traballo en equipo, fundamental para a práctica do baloncesto, ao extremo de contar con grupos de amigas e amigos traballando e esforzándose por obxectivos compartidos.





## 1.5. Valores

### Recoñecer o esforzo pola excelencia

Esforzámonos pola mellora constante na práctica do baloncesto e na xestión e administración de todas as tarefas que están asociadas á práctica do deporte. Este esforzo de dar o máximo de nós mesmos en cada acción, trasládase fóra da cancha e dos despachos no noso esforzo por ser cidadás e cidadáns exemplares.





## 1.5. Valores

### Promover o liderado

Lideramos a través do noso propio exemplo e inspiramos e motivamos por medio das nosas actuacións e resultados. Asumimos a nosa responsabilidade no desenvolvemento do potencial das nosas compañeiras e compañeiros máis alá da identificación coas cores do noso club.



## 1.5. Valores

### **Actuar de modo sustentable**

Actuamos procurando as opcións sustentables para a propia federación e a sociedade. As nosas accións teñen presentes as futuras xeracións.



- 2.0. Introducción
- 2.1. O compromiso asociado á marca
  - 2.1.1. Esencia
  - 2.1.2. Elementos primarios
  - 2.1.3. Elementos secundarios

## 2. A marca FGB



## 2.0. Introducción

Os novos elementos da marca FEGABA procuran acadar unha posición de confianza no mercado global do deporte e tamén no eido da saúde e da cohesión social.

A través desta iniciativa, a FEGABA convértese nun exemplo único entre as federacións deportivas do país, con esencia vangardista no estado e no mundo.

A nosa nova identidade permite representar unha clara e recoñecible personalidade global para o baloncesto galego que falará na linguaxe unificadora do deporte: emoción, valores e diversión.

A través da poderosa ferramenta que constitúe a nosa identidade facemos noso e potenciamos o obxectivo compartido polo baloncesto internacional a través da FIBA polo que se pretende potenciar e gozar do movemento global do baloncesto.



## 2.0. Introducción

O primeiro que procuramos é acadar unha marca que estableza unha identificación clara da Federación Galega de Baloncesto, e que facilite destacar os elementos únicos e máis poderosos dentro da nosa organización para conseguir a implicación de terceiras partes en cadanseu ámbito (deportistas, afección, empresas, administracións...)

Unha marca clara permitirá establecer unhas expectativas correctas ao respecto da Federación Galega de Baloncesto e, dada a súa natureza e actividades, resulta fundamental que os membros e representantes por todo o país comprendan e compartan a nosa misión, valores e o papel que a FEGABA está chamada a xogar na nosa sociedade.

Esta revisión identitaria tamén é o momento máis axeitado para establecer un posicionamento claro da FEGABA na sociedade xa que nos permite ter un entendemento máis claro de como a FEGABA pode contribuír á realización da nosa misión.

Polo tanto a marca FEGABA é máis que simplemente un logotipo, un slogan ou unha combinación de cores, unha marca representa a imaxe e a reputación que se asocia externamente coa Federación Galega de Baloncesto.



## 2.1. O compromiso asociado á marca FGB

O compromiso asociado á nosa marca é un conxunto de elementos que queremos que se asocie coa FGB. A promesa está composta de: esencia, elementos primarios e elementos secundarios.

A **esencia** é un pensamento sinxelo e singular que recolle o fundamental da marca FGB.

Os **elementos primarios** son a base para construír programas de desenvolvemento. Estes deben permanecer coherentes no tempo e a través das diferentes actividades e públicos obxectivos.

Os **elementos secundarios** enriquecen e completan a marca. Pódese potenciar a súa importancia en función do contexto no que se utilicen.





## 2.1. O compromiso asociado á marca FGB

### 2.1.1. Esencia

#### Mellorando a sociedade

A existencia da FEGABA cobra un sentido especial como dinamizadora e potenciadora dos impactos do mundo do baloncesto na sociedade galega para a mellora da calidade de vida e o potenciamento de valores universais e identitarios.



## 2.1. O compromiso asociado á marca FGB

### 2.1.2. Elementos primarios

#### Galicia

Un dos elementos clave e diferenciadores da FEGABA é por suposto a súa identificación co país. A promoción desta identificación contribúe ao desenvolvemento de valores fundamentais asociados ás nosas actividades.



## 2.1. O compromiso asociado á marca FGB

### 2.1.2. Elementos primarios

#### Cohesión

A cohesión vívese en cada unha das actuacións levadas a cabo pola FGB, xa que é nas sinerxías positivas e na suma das contribucións individuais de afección, deportistas, partners e da propia FEGABA onde se atopa a nosa verdadeira forza e a consecución dos nosos obxectivos identitarios.



## 2.1. O compromiso asociado á marca FGB

### 2.1.2. Elementos primarios

#### Saúde

Apostamos pola práctica do deporte como medio de saúde e como alternativa de ocio saudable. Esta concepción é un elemento clave que inspira os avances da FGB.



## 2.1. O compromiso asociado á marca FGB

### 2.1.2. Elementos primarios

#### Profesional

Recoñecemos que as nosas actuacións, programas e actividades deben levar asociado un servizo de calidade. Nas nosas accións achegamos o mellor de nós mesmos na procura da máxima eficiencia e eficacia en termos de calidade das nosas iniciativas.



## 2.1. O compromiso asociado á marca FGB

### 2.1.2. Elementos secundarios

#### Mocidade

Unha gran parte do traballo da FEGABA está dedicada ao potenciamento das capacidades da mocidade para inculcarlles valores ás vindeiras xeracións de líderes.



## 2.1. O compromiso asociado á marca FGB

### 2.1.2. Elementos secundarios

#### Equipo

O traballo e a contribución da propia FEGABA como organización, de cada un dos seus integrantes, das e dos deportistas e de cada afeccionado xoga un papel fundamental para un obxectivo común e compartido.



## 2.1. O compromiso asociado á marca FGB

### 2.1.2. Elementos secundarios

#### Diversión

A actividade da FEGABA xunto coa práctica do Baloncesto conta cunha importante vertente emocional. Trátase dunha combinación de paixón e diversión.





## 2.1. O compromiso asociado á marca FGB

### 2.1.2. Elementos secundarios

#### Sustentabilidade

A FEGABA procura a través da súa actividade a sustentabilidade organizativa e exporta esta concepción ao resto da sociedade a través das súas actividades, actuacións e posicionamentos.

**Manual de identidade**

**Manual de identidade corporativa**

**identidade corporativa**



- 3.0. Descritor global
- 3.1. O slogan “Xoga con nós!”
- 3.2. Definicións da FGB

## 3. Definindo a FGB



### 3.0. Descritor global

O descritor global é unha descrición da FEGABA dunha liña que se dirixe directamente aos elementos clave da promesa asociada á marca FGB.

En conxunto co slogan “Xoga con nós!” fai un corpus lóxico a través do que se representa a FEGABA como a plataforma na que se implicar para facer que o baloncesto mellore a sociedade.



### 3.0. Descritor global

Plataforma representa as múltiples oportunidades que a FEGABA ofrece

A FEGABA ofrece unha visión global do baloncesto na sociedade máis alá da práctica do deporte

A través das súas actuacións, a FEGABA transforma o baloncesto nun axente do cambio social

A plataforma que a través da súa actividade global transforma o deporte do baloncesto nun actor de mellora social en Galicia.

O baloncesto ten un papel que xogar na sociedade actual

O ámbito de actuación da FEGABA transfórmase nun elemento clave da súa propia identidade



### 3.1. O slogan: “Xoga con nós!”

“**Xoga con nós!**” é un concepto para comunicar a esencia da FGB. O valor de “**Xoga con nós!**” reside tanto na súa simpleza como na versatilidade que ofrece.

Recolle directamente a nosa esencia e pode ser utilizado para a implicación de distintos públicos obxectivos e en relación con todos os elementos das promesas da nosa marca. Esta versatilidade permite a súa adaptación a diferentes situacións e mercados.

O slogan procura a complicitade de terceiras partes e leva asociado o divertimento a través dos recordos ao xogo.



### 3.2. Definicións da FGB

A resposta á pregunta “Que é a FGB?” debería deixar unha sensación similar entre aqueles que reciban a mensaxe e en todas as situacións. Porén, o contexto da situación determinará o detalle e a énfase.

Tras esta mensaxe é importante reforzar os aspectos da nosa identidade que máis se adapten ao contexto e ao público ao que nos esteamos a dirixir.



## 3.2. Definicións da FGB

### Respostas curtas

A FEGABA é a plataforma que a través da súa actividade global transforma o deporte do baloncesto nun actor de mellora social en Galicia.

A FEGABA é a plataforma galega que xunta ao redor do baloncesto a un grupo de axentes dinamizadores do cambio social para a mellora da sociedade galega en xeral.

A FEGABA é o organismo que regula o baloncesto e a competición deste deporte en Galicia para inculcar valores identitarios e hábitos saudables á mocidade galega a través da súa actividade.

A FEGABA cambia a sociedade a través do baloncesto liderando co exemplo dos valores que se viven durante a práctica ou a asistencia a un partido de baloncesto.





## 3.2. Definicións da FGB

### Respostas curtas

A FEGABA é a plataforma a través da que os clubs galegos de baloncesto aspiran a xogar o seu papel cara á cohesión social en Galicia.

A FEGABA é a plataforma a través da que os clubs galegos de baloncesto promoven hábitos saudables entre a mocidade.

A FEGABA é o baloncesto galego. A través das súas seleccións deportivas e dos seus clubs representa en estamentos estatais e internacionais representa a un país moderno, con valores, vangardista e dinámico.



## 3.2. Definicións da FGB

### Versións longas

#### *Versión 1*

Con máis de 25 anos e sete delegacións, a FEGABA é a plataforma que a través da súa actividade global transforma o deporte do baloncesto nun actor de mellora social.

Para iso a FEGABA ordena, dirixe e planifica as actividades do Baloncesto Galego para que contribúan do xeito máis eficiente á cohesión e ao benestar da sociedade galega.

As organizacións e administracións asociadas cos nosos obxectivos vennos como un exemplo de desenvolvemento do potencial individual a través da contribución a un equipo e establecendo un contorno saudable.



## 3.2. Definicións da FGB

### *Versión 2*

Dende os seus inicios en 1983, a FEGABA configúrase como a plataforma que transforma o deporte do baloncesto nun actor de mellora social en Galicia.

A través das súas delegacións territoriais, dos clubs asociados, de todos os seus estamentos e de cada xogador e xogadora, a FEGABA transmite valores que nos identifican como galegas e galegos cunha actitude proactiva cara á vida e á nosa sociedade.

**Manual de identidade**

**Manual de identidade corporativa**

**identidade corporativa**



- 4.0. Introducción
- 4.1. Código ético da FGB
- 4.2. Código de conduta das xogadoras e dos xogadores
- 4.3. Código de conduta das adestradoras e dos adestradores
- 4.4. Código de conduta de nais e pais
- 4.5. Código da conduta da afección
- 4.6. Código de conduta dos provedores da FGB
- 4.7. Principios para o establecemento de partenariados coa FGB

## 4. Ferramentas que implementan a identidade corporativa



## 4.0. Introducción

A FEGABA ten asumido un compromiso inquebrantable para facer da súa actividade un exemplo de comportamento ético e socialmente responsable e agardamos o mesmo dos nosos socios, sponsors, patrocinadores, provedores, contratantes e calquera outra terceira parte que comparta este compromiso.

Para iso contamos con diferentes códigos compartidos que emanan da propia identidade da FGB.

O novo posicionamento identitario da FEGABA ten un obxectivo último irrenunciable, como é a implicación no traballo polos obxectivos identitarios da FGB, de novos actores a través de diversas posibilidades de colaboración e dende distintos ámbitos seus ámbitos.

A extensión da identidade neste eido configura unha serie de principios fundamentais para o establecemento dos partenariados coa FEGABA que tamén se fan explícitos a continuación.



## 4.1. Código ético da FGB

Os principios recollidos no Código ético da Federación Galega de Baloncesto consisten nunha adhesión xeral cara a un comportamento íntegro, o esforzo cara á excelencia, á transparencia na nosa xestión e ao respecto fundamental entre a familia do baloncesto e a sociedade en xeral.

### Independencia

Debemos ser sempre quen de actuar de xeito coherente coa nosa propia identidade e dirección, sen limitación por presións externas.

Aspiramos a ser independentes de posicionamentos políticos. Ningunha relación de partenariado nos comprometerá directamente cunha determinada axenda política. Non permitiremos que os movementos políticos influán ou interfiran coa neutralidade fundamental na natureza do baloncesto.

Os nosos programas de actividades serán “non-partidarios”, independentes de gobernos determinados, partidos políticos ou empresas.



## 4.1. Código ético da FGB

Como medida previsora diversificaremos as nosas fontes de ingresos para non nos converter en dependentes de calquera tipo de recurso que poida comprometer o baloncesto galego.

### Financiamento e relacións de partenariado, patrocinio e sponsor

Na procura de financiamento, describiremos axeitadamente as nosas actividades e necesidade. As nosas políticas e actuacións asegurarán que as doazóns sexan utilizadas para o potenciamento da misión da FGB.

No establecemento de partenariados, ou na aceptación de patrocinios e sponsors observaranse rigorosamente os seguintes preceptos:

- A FEGABA non colaborará directa ou indirectamente con organizacións que promovan a guerra ou a violencia.
- A FEGABA non establecerá partenariados con organizacións que discriminen por motivos de raza, cor, sexo, orientación sexual, crenzas, relixión, nacionalidade ou orixe étnica.





## 4.1. Código ético da FGB

- Ningunha relación ou colaboración coa FEGABA afectará á súa capacidade para actuar e tomar as súas propias decisións de modo independente.
- Ningún partenariado comprometerá a FEGABA ou a dirixirá en función dunha determinada axenda partidista en termos de política.
- A FEGABA busca partenaridos con aquelas organizacións interesadas en colaborar no desenvolvemento, dinamización e potenciación da práctica do baloncesto e da súa capacidade para cambiar a realidade social.
- A FEGABA non colaborará con organizacións que poidan afectar negativamente á súa imaxe externa.

### Relacións de traballo

Consultaremos o desenvolvemento e a implementación de políticas ou actividades co público interesado (dentro do universo da FGB) sobre o que vaian ter impacto.



## 4.1. Código ético da FGB

Os distintos órganos da FEGABA e os seus membros trataranse con respecto e consideración. Comunicarémonos e formularemos consultas aberta e colexiadamente de xeito que nos apoiemos no cumprimento dos nosos respectivos deberes e responsabilidades.

Con terceiras partes alleas á FEGABA comprometémonos a manter as nosas promesas segundo a nosa pretensión de desempeño excelente.

### Equidade e diversidade

Valoramos, respectamos e potenciamos a diversidade. Consideramos fundamental e promovemos a imparcialidade e a non-discriminación en todas as nosas actividades tanto internas como externas nas que establecemos mecanismos de integración, imparcialidade e equilibrio e equidade de xénero.

### Transparencia

Temos un compromiso coa apertura, a transparencia e a honestidade sobre nós mesmos. Comunicámonos activamente con terceiras partes e facemos pública toda información relevante acerca da FGB.



## 4.1. Código ético da FGB

### Confidencialidade

Trataremos a información obtida a través da FEGABA con confidencialidade cando a súa natureza así o requira ou cando se faga unha solicitude explícita. Non utilizaremos ningún tipo de información a prol de intereses privados.

### Bo goberno e xestión profesional

Xestionamos a nosa organización de xeito profesional e eficiente. Isto farémolo dotándonos dunha clara estrutura organizativa e procesos de toma de decisións; actuando de acordo cos valores da FEGABA e cos procedementos acordados e informando dos nosos resultados aberta e axeitadamente.

Cada integrante da FEGABA asegurárase de que os recursos son usados de xeito eficiente e axeitado, que a integridade financeira está garantida e que se mantén a confianza social na FGB.

### Informes

Informaremos cando menos unha vez ao ano acerca das nosas actividades, acordos e logros co compromiso de facer accesible esta información para terceiras partes interesadas.



## 4.1. Código ético da FGB

### Recursos humanos

Recoñecemos que os logros da FEGABA reflicten a calidade do seu persoal, as e os voluntarios e as prácticas de xestión levadas a cabo polo que nos comprometemos a seguir políticas de desenvolvemento dos nosos recursos humanos.

### Conflicto de interese

Os conflitos de interese que poidan xurdir entre intereses persoais e intereses da FEGABA serán resoltos de xeito transparente.

### Utilización dos recursos da FGB

Utilizaremos os recursos da FEGABA e as súas propiedades para a consecución dos obxectivos identitarios da FGB, o potenciamento do baloncesto galego e do seu labor social.

### Actividades privadas

Non participaremos en actividades ou transaccións incompatibles co desenvolvemento das nosas responsabilidades ou que poidan ter efectos negativos na imaxe da FGB. Non utilizaremos a FEGABA para a procura de beneficios ou favores na vida privada.



## 4.2. Código de conduta das xogadoras e dos xogadores

O baloncesto é unha actividade recreativa para o goce e a saúde. Na súa práctica podemos conseguir que cada quen obteña o máximo beneficio e goce da súa implicación no deporte. Para contribuír a iso establécese o presente código de conduta que deben observar as e os xogadores federados na Federación Galega de Baloncesto.



## 4.2. Código de conduta das xogadoras e dos xogadores

1. Coñece, comprende e xoga segundo as regras
2. Respecta os árbitros e a mesa
3. Controla o teu temperamento
4. Traballa igual de duro para ti e para o equipo
5. Sé un bo deportista
6. Trata a todos os deportistas con respecto
7. Xoga polo pracer de facelo
8. Respecta os dereitos a dignidade e a valía de cada persoa en si mesma
9. Prepárate para perder de cando en vez
10. escoita os consellos dos adestradores e tenta aplicalos nos adestramentos e nos partidos
11. Respecta as instalacións e as equipacións que che sexan facilitadas.



### 4.3. Código de conduta das adestradoras e dos adestradores

As adestradoras e adestradores de clubs federados na Federación Galega de Baloncesto comportaranse conforme a estes catro sinxelos principios:

- Marcar un bo exemplo para que poida ser seguido polas deportistas, os deportistas e a afección.
- Respetar os árbitros e a mesa como persoas pero tamén as súas decisións sempre dentro do marco das regras do evento.
- Comportarse cos adestradores rivais, cos xogadores e coa afección con respecto.
- Orientar as xogadoras e xogadores de xeito deportivo e requirirlles que se comporten dese mesmo xeito.
- Adestrar de xeito positivo sen facer comentarios degradantes ou linguaxe abusiva.



### 4.3. Código de conduta das adestradoras e dos adestradores

Ademais, no caso do baloncesto de base, as e os adestradores:

- Recordarán que son adestradores de deporte de base e que o xogo non é para adultos.
- O benestar emocional, físico e académico das xogadoras ou xogadores estarán sempre por diante do desexo persoal de gañar.
- Cada xogadora e xogador serán tratados personalizadamente e tendo en conta as características da idade na que se atopa.
- Facilitarase un contorno deportivo do equipo sen drogas, tabaco e alcol.
- Lembraranlles ao equipo e aos seguidores que deberán demostrar deportividade en todo momento, tanto cando se gañe como cando se perda.





#### 4.4. Código de conduta de nais e pais

As nais e pais dos xogadores e xogadoras de baloncesto federados na Federación Galega de Baloncesto deberanse comportar segundo o presente código de conduta:

- Deberán gozar das actividades, ben sexa participando ou como acompañante.
- Deberanse comportar como modelos de deportividade e talante.
- Contribuirán e axudarán a que os mozos deportistas cumbran as súas responsabilidades co adestrador e co equipo.
- Todos os xogadores, adestradores, administradores, delegados e demais espectadores serán tratados co máximo respecto.



#### 4.4. Código de conduta de nais e pais

- Nunca discutirán ou se queixarán das decisións dos colexiados ou da mesa.
- Só se farán comentarios positivos e motivadores ás xogadoras e xogadores.
- Non tentarán xogar ao papel de adestrador dende as bancadas.
- O benestar e a seguridade dos mozos xogadores sempre estarán por diante e sen procura da gloria adulta.



## 4.5. Código de conduta da afección

A Federación Galega de Baloncesto ten asumido un compromiso inquebrantable para facer que cada actividade relacionada co Baloncesto en Galicia sexa unha experiencia de entretemento segura, cómoda e de divertimento.

As e os participantes e asistentes aos eventos de Baloncesto en Galicia teñen dereito a esperar un contorno deportivo onde:

- As xogadoras e os xogadores respectarán a toda a afección do baloncesto en todas as canchas e comportaranse de xeito exemplar nelas.
- O trato ás e aos asistentes nas canchas e nos eventos de Baloncesto en Galicia recibirán un trato coherente cos valores da FEGABA e sempre con cortesía por parte do persoal do equipo anfitrión.
- A afección gozará dun espectáculo sen comportamentos negativos, sen linguaxe ou xestos abusivos ou obscenos.



## 4.5. Código de conduta da afección

- O consumo de alcol farase sempre dun xeito responsable e só se fumará nos espazos destinados para tal efecto.
- As afeccionadas e afeccionados non pelexarán nin lanzarán obxectos nin tentarán invadir a cancha.
- A afección será tratada de xeito profesional e cortés por todo o persoal do pavillón e do equipo anfitrión.
- As e os afeccionados cumprirán cos requirimentos do persoal do pavillón no que se refira aos procedementos de emerxencia ou outras operacións requiridas.

O incumprimento dalgún dos preceptos anteriores poderá ser motivo de expulsión sen dereito a reembolso de entradas e podendo chegar a ser motivo de denuncia.

Os equipos galegos de baloncesto, a Federación Galega de Baloncesto e as entidades ou administracións xestoras de pavillóns deportivos agradecen a asunción e o respecto deste código de conduta por parte das e dos afeccionados.



## 4.6. Código de conduta dos provedores da FGB

### Comportamento ético

As empresas proveedoras da FEGABA deben levar os seus negocios de acordo con elevados estándares de comportamento ético.

### Cumprimento da legalidade

Os provedores da FEGABA deberán garantir a observancia das leis e regulamentos aplicables nos países nos que operen.

### Emprego

A FEGABA só contratará con empresas subministradoras cuxas empregadas e empregados estean compensados axeitadamente e non sometidos a riscos físicos innecesarios nin explotadas ou explotados dalgún modo. Especificamente:

- o Remuneración xusta
- o Xornada laboral legalmente establecida
- o Non contratación de traballo fóra da idade de actividade
- o Non someter a traballos forzados



## 4.6. Código de conduta dos provedores da FGB

- o Non discriminación
- o Liberdade sindical
- o Preocupación pola seguridade e a saúde

### Requirimentos ambientais

Os provedores da FEGABA deberán cumprir todas as normativas e, por suposto, a legalidade ambiental.

### Comunicación deste código

As empresas subministradoras de FEGABA deberán asegurarse de que este código estea en coñecemento das súas e dos seus traballadores de xeito comprensible nas súas instalacións.

### Control de cumprimento

A FEGABA resérvase o dereito de comprobar o cumprimento deste código e, no caso de detección de malas prácticas, o dereito, amais de todos os outros dereitos legais e contractuais, para romper a relación con calquera empresa subministradora que viole o presente código.



## 4.7. Principios para o establecemento de partenariados coa FGB

- A FEGABA non colaborará directa ou indirectamente con organizacións que promovan a guerra ou a violencia.
- A FEGABA non establecerá partenariados con organizacións que discriminen por motivos de raza, cor, sexo, orientación sexual, crenzas, relixión, nacionalidade ou orixe étnica.
- Ningunha relación ou colaboración coa FEGABA afectará á súa capacidade para actuar e tomar as súas propias decisións de modo independente.
- Ningún partenariado comprometerá a FEGABA ou a dirixirá en función dunha determinada axenda partidista en termos de política.
- A FEGABA busca partenariados con aquelas organizacións interesadas en colaborar no desenvolvemento, dinamización e potenciación da práctica do baloncesto e das súas capacidade para cambiar a realidade social.
- A FEGABA non colaborará con organizacións que poidan afectar negativamente á súa imaxe externa.



## 4.7. Principios para o establecemento de partenariados coa FGB

### Orientacións para organizacións interesadas en traballar coa FGB

- Os nosos partners deben ter en consideración os efectos das súas actuacións presentes no futuro.
- A FEGABA traballa con todos os sectores (privado, goberno, ONG, etc.)
- A FEGABA espera que as organizacións coas que estableza partenariados se esforcen pola calidade dos seus servizos.
- Os partenariados procurarán todas as oportunidades de implicación posibles.
- As relacións de partenariado da FEGABA acadan beneficios mutuos tirando o máximo da relación.
- As contrapartes de partenariados da FEGABA deben entender e interiorizar as características identitarias da FGB.
- A FEGABA agarda que as contrapartes dos seus partenariados teñan no desenvolvemento da súa actividade un comportamento honesto, legal, transparente e cun compromiso pola xustiza e a mellora social.





- 5.0. Estratexia de sustentabilidade
- 5.1. Plan estratéxico
- 5.2. Estratexia de implicación e de relacións externas

## 5. Pautas para a implementación dun plan estratéxico



## 5.0. Estratexia de sustentabilidade da FEGABA

Entendemos a sustentabilidade da FEGABA como un planeamento de longo prazo que establece unha coherencia directa entre a nosa identidade e as accións planeadas no marco dunha dirección estratéxica deseñada especialmente para contribuír cara aos obxectivos identitarios da FGB.


Tanto os resultados directos das nosas actuacións como os indirectos deben favorecer a visibilización da FEGABA e do baloncesto como unha ferramenta con obxectivos e idearios que van máis alá da práctica do deporte.

Entendemos o baloncesto como unha ferramenta de acción social e a FEGABA quérese converter nun axente de cambio.



## 5.0. Estratexia de sustentabilidade da FEGABA

O fluxograma que se presenta a continuación conceptualiza a visión operativa dende unha perspectiva de sustentabilidade para a FEGABA tal e como se vén de definir.





## 5.0. Estratexia de sustentabilidade da FEGABA

En resumo, da nosa identidade como FEGABA deben emanar as actividades que transmitirán o noso posicionamento identitario contribuíndo a través dos resultados operativos de curto prazo ao logro dos obxectivos que dan sentido á propia existencia da FGB.

A eficacia e eficiencia do noso empeño dependerá en gran medida da capacidade que demostramos para implicar a terceiros axentes relevantes nos seus eidos e ao público en xeral.

As relacións externas cobran grande importancia neste ambicioso proxecto de levar o baloncesto galego ao máximo desenvolvemento do seu propio potencial.


Isto require que a organización e estrutura da FEGABA se centre en dous eixes básicos: a visibilización das actuacións e actividades propias e a implicación real no traballo por obxectivos compartidos con outras organizacións e institucións. Ou o que vén ser o mesmo, a comunicación e o establecemento de partenariados.



## 5.1. Cara un plan estratéxico da FEGABA

Para o comezo da temporada 2008/2009 agardamos ter rematado un planeamento estratéxico de longo prazo que estableza unha coherencia directa entre a nosa identidade e as accións planeadas no marco dunha dirección especialmente deseñada para contribuír cara aos obxectivos identitarios da FGB.

Pautas xerais do que será o plan estratéxico da FEGABA 2008-2012





## 5.2. Estratexia de implicación e relacións externas

O deseño e implementación dunha estratexia de implicación é unha parte básica deste proxecto xa que se pretende trasladar este procedemento ás demais esferas de participación para acadar un efecto multiplicador.

Esta estratexia de implicación terá dous obxectivos prioritarios que serán o establecemento dun sistema de partenariado público-privado que ofrezca estabilidade ao plan estratéxico da FEGABA e unha estratexia de comunicación que potencie a visibilización dos logros e as mensaxes a través do baloncesto.

A continuación preséntase unha das posibles estruturas para dar corpo ao antedito sistema de partenariado incluíndo unha segmentación inicial de posibles compoñentes en cada cadro:



## 5.2. Estratexia de implicación e relacións externas

### Consello Honorario

O Consello Honorario da FEGABA estará constituído por empresas, persoeiros e líderes sociais que demostren un interese na promoción da práctica do deporte en xeral e do baloncesto en particular.

Os membros deste Consello Honorario serán propostos por un período de dous anos, renovable sobre a base do seu liderado social, visión e valores demostrados.

### Presidenta ou presidente

Conselleira ou conselleiro coa competencia de deporte

### Vogais

Presidenta ou presidente da FEB | Director ou directora xeral con competencias en deporte | Presidenta ou presidente da Fundación Deporte Galego | Altos cargos das empresas patrocinadoras da FEGABA | Ilustres do baloncesto galego | (...)



## 5.2. Estratexia de implicación e relacións externas

### Consello Patrocinador

O Consello Patrocinador da FEGABA estará constituído polas empresas e institucións que se impliquen no financiamento económico ou en especie da actividade global e estratéxica da FEGABA.

A FEGABA non establecerá relacións de partenariado global con entidades cuxa actividade atente directamente contra os principios identitarios da federación, nin con aquelas que promovan directamente a guerra ou a violencia, nin con aquelas que discriminen por razóns de raza, cor, sexo, orientación sexual, crenzas, relixión, orixe étnica ou nacionalidade.

As relacións de partenariado, en ningún caso afectarán á capacidade de obrar da FEGABA nin pretenderán un determinado compromiso partidista.

### Segmentación posible

R | Blu:sens | Estrella Galicia | Super Bock | Caixa Galicia | Zico | Supermercados Froiz | Gadisa | Localia | CRTVG | Grupo Voz | Faro de Vigo | Artesanía de Galicia | Xacobeo | Monbús | Iberia |





## 5.2. Estratexia de implicación e relacións externas

### Consello Asesor

O Consello Asesor estará constituído por un máximo de 15 figuras representativas e históricas do baloncesto galego máis un representante de cada empresa e institución do Consello Patrocinador.

Será un consello interno que terá como función a de asesoramento nas liñas estratéxicas da planificación da actividade da FEGABA, así como facilitar apoio especializado ante determinadas actuacións.

Anteriores presidentas e presidentes da FEGABA | Presidentas e presidentes de clubs galegos | Xogadoras e xogadores | Árbitros e xuíces | Persoeiros da empresa privada e da Administración pública | Responsables de deporte das Universidades galegas | (...)



## 5.2. Estratexia de implicación e relacións externas

### Patrocinadores e sponsors

Os programas e actividades específicas de FEGABA establecidas na programación 2008-2012 así como as deseñadas no marco desta, deberán procurar o autofinanciamento a través do establecemento de relacións de patrocinio e sponsorización.

A natureza e localización das actividades da FEGABA facilitará unha segmentación de patrocinadores e sponsors máis eficiente.

**Manual de identidade**

**Manual de identidade corporativa**

**identidade corporativa**

**Federación Galega de Baloncesto**  
**Manual de identidade corporativa**

**Presidente da FEGABA**  
**Francisco Martín Micó**

**Secretario da FEGABA**  
**Miguel Blanco Requeijo**

**Coordinación**  
**Jose Ramón Rey Couselo**

**Contidos**  
**Juan Marcos Pérez Gulín**

**Revisión lingüística**  
**Nancy Domínguez Conde**

**Martín Ramos Insua**



**XUNTA DE GALICIA**

**PRESIDENCIA**

**Secretaría Xeral de Política Lingüística**